

### *Dirixido a*

Titulados e estudantes universitarios de carreiras de ámbito agrícola e forestal

Técnicos e profesionais do sector

### *Matrícula*

160,00 euros (+ 15 € seguro escolar)

Recoñecemento de 3 créditos (ECTS) de optatividade nos graos de ámbito agrario e forestal da EPS (en tramite)

### *Duración e datas de realización*

80 horas (8 créditos)

Do 26 de xaneiro ó 10 de febreiro de 2017

### *Preinscrición*

Prazo: do 2 ao 13 de xaneiro de 2017

Máximo 20 alumnos

### *Criterios de selección:*

Titulados de master de orientación agrícola o forestal

Titulados de grao de orientación agrícola o forestal

Estudantes de titulacións con orientación agrícola o forestal

Profesionais do sector

### *Formulario de inscrición e outra información do curso:*

<http://www.usc.es/gl/centros/cptf/posgrao/curso.html?>

tcurso=3&idc=4490&anoAc=2016-2017



### *Lugar de celebración:*

Escola Politécnica Superior de Lugo

Explotacións conveniadas

### *Para máis información:*

Telf: +34 982823135

E-mail: [adolfo.lopez@usc.es](mailto:adolfo.lopez@usc.es)

### *Colaboran:*



# CURSO DE PERFECCIONAMENTO DA USC

## XESTIÓN ESTRATÉXICA DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS PARA UNHA MELLORA GLOBAL



## Necesidade da xestión estratéxica nas explotacións agrarias

- Existe un marcado desfase entre os desafíos que ten que afrontar o agricultor e os medios de que dispón para solventalos.
- Os instrumentos existentes para facilitar a toma de decisións están mal adaptados ao complexo das realidades, globais e locais, en continua evolución.
- A innovación na xestión estratéxica da explotación é tan necesaria como nos demais sectores produtivos

## Obxectivos

- Coñecer os conceptos fundamentais e os principios da xestión estratéxica de explotacións agrarias para a mellora continua dos resultados globais.
- Facer unha análise crítica dos procedementos de acompañamento e as ferramentas de animación utilizados nestes enfoques.
- Coñecer e practicar o método PerfEA para a xestión estratéxica de explotacións agrarias.
- Formar educadores e asesores agrícolas cos recursos necesarios para a posta en práctica dos procesos de acompañamento para empresarios agrícolas

## Metodoloxía

Será fundamentalmente práctica. Os alumnos traballarán aplicando en explotacións a metodoloxía PerfEA para a toma de decisións estratéxicas, logo dunha reflexión sobre os retos e condicionantes das explotacións agrícolas e do papel do acompañamento estratéxico

O curso faise en coordinación co centro VetAgro Sup de Clermont-Ferrand (Universidade de Lyon, Francia). Asistirán alumnos do mesmo, co que se formarán dous grupos, cada un dos cales traballará sobre unha explotación diferente.

## Poñentes

A maior parte do curso será impartido por Philippe JEANNEAUX profesor de economía rural na Escola VetAgro Sup (Universidade de Lyon, Francia) e co-creador do método PerfEA, con gran experiencia na súa práctica en explotacións.

Participarán outros poñentes con experiencia en asesoramento estratéxico, procedentes da administración pública e universidades galegas:

Jorge Palacios Estremera  
*Enxeñeiro Agrónomo. Ex-profesor USC*

Alexia Calvo González  
*Dra. Enxeñeira de Montes. USC*

Constante Lorenzo Santos  
*Centro de Formación Rural EFA "Fonteboa"*

Xavier Bruña García  
*Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia*

José Ramón Pedreira Dono  
*Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia*

Xosé María Eloi Villada Legaspi  
*Consellería de Medio Rural. Xunta de Galicia*

## Programa do curso

1. Asesoramento agrícola e mellora global das explotacións (1 crédito)
2. Situación actual e perspectivas da agricultura galega (1 crédito)
3. Aplicación da metodoloxía PerfEA (6 créditos)

## Desenvolvemento do curso

O curso desenvolverase sobre a base de talleres en aula e aplicacións prácticas en explotacións. As etapas de desenvolvemento do curso son:

D0.- Presentación da formación

D1.- Presentación xeral do método xestión estratéxica PerfEA de VetAgro

D2.- Desafíos do acompañamento estratéxico ó agricultor

D3.- Instrumentos da reflexión estratéxica

D4.- O sistema e as súas relacións co entorno. Análise Bossel

D5.- Formalización da estratexia

D5-1.- Tratamento da carta causal

D5-2.- Indicadores estratéxicos para o cadro de mando

D5-3.- Plan de acción

D6.- Cadro de mando e seguimento

## Programa de visitas

- 3 visitas á explotación soporte do curso para cada un dos grupos.
- 4 visitas a explotacións ou centros e institucións representativas do estado da innovación da agricultura en Galicia.